

PROBA DE COÑECEMENTOS DE LINGUA GALEGA
--

1. Tradución ao castelán.

A caída das vendas de viño fixo que algunha adega teña dificultades para dar cabida a toda a colleita da vendima da campaña 2021 por ter as súas instalacións cunha ocupación moi superior á que sería habitual en circunstancias normais. Para paliar esta situación e evitar que poida quedar parte da produción sen recoller por falta de instalacións que a acolla, o Pleno do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra aprobou o pasado día 13 de setembro solicitar unha modificación temporal do seu prego de condicións para permitir que as adegas poidan almacenar viño xa certificado en instalacións situadas fóra do ámbito xeográfico da denominación.

SOLUCIONARIO

La caída de las ventas de vino ha hecho que alguna bodega tenga dificultades para dar cabida a toda la cosecha de la vendimia de la campaña 2021 por tener sus instalaciones con una ocupación muy superior a la que sería habitual en circunstancias normales. Para paliar esta situación y evitar que pueda quedar parte de la producción sin recoger por falta de instalaciones que la acoja, el Pleno del Consejo Regulador de la Denominación de Origen Ribeira Sacra aprobó el pasado día 13 de septiembre solicitar una modificación temporal de su pliego de condiciones para permitir que las bodegas puedan almacenar vino ya certificado en instalaciones situadas fuera del ámbito geográfico de la denominación.

1. Tradución ao galego

La baja laboral por incapacidad temporal impide la participación en las acciones formativas convocadas, por lo que, de producirse esta situación, los/las interesados/as deberán comunicarlo a la Agasp de manera inmediata. En el caso de no hacerlo serán penalizados con la no participación en acciones formativas de la Agasp durante un año a contar desde el día siguiente a que se tenga conocimiento del hecho y, en el caso de estar realizando efectivamente un curso, no se emitirá diploma del mismo.

SOLUCIONARIO

A baixa laboral por incapacidade temporal impide a participación nas accións formativas convocadas, polo que, de producirse esta situación, os/as interesados/as deberán comunicarllo á Agasp de maneira inmediata. No caso de non facelo serán penalizados coa non participación en accións formativas da Agasp durante un ano contado desde o día seguinte a que se teña coñecemento do feito; no caso de estar a realizar efectivamente un curso, non se emitirá diploma del.